

Santiago de Compostela, 08 de novembro de 2017

Estimado Sr./Sra.:

Compráceme invitálo/a á Xornada “Aspectos Clave na Redución do Risco de Inundación - ARPSI do río Anllóns en Carballo” que terá lugar o próximo xoves 16 de novembro de 2017, ás 9:15 horas, no Forum Carballo na rúa Puento.

Dende Augas de Galicia procederáse durante os próximos meses, á redacción do “*Plan Específico para a Minimización do Risco de Inundación na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) do río Anllóns en Carballo*”. Durante este proceso enténdese fundamental a colaboración das distintas administracións relacionadas, non só coa xestión directa da auga, senón tamén coa ordenación do territorio e protección civil así como tamén da propia sociedade civil.

Esta xornada preséntase como unha moi boa oportunidade para fomentar, dende o inicio, a implicación de todos os actores afectados ou con interese na elaboración do citado plan.

A xornada que se realizan coa colaboración varios departamentos da Xunta, a Dirección General del Agua (DGA), o Consorcio de Compensación de Seguros (CCS) e o Concello de Padrón, vai principalmente dirixida aos técnicos municipais en materia de auga, de urbanismo, medio rural, ordenación do territorio e protección civil que poidan estar interesados, así como a poboación local e todas aquelas asociación con presenza nos municipios afectados.

A asistencia á xornada é totalmente gratuíta, aínda que se require confirmación, na seguinte dirección de correo electrónico xornadas-risco-inundacions@oceano-azul.es

Quedo á espera da súa resposta, transmitíndolle o meu desexo de poder contar coa súa presenza neste acto.

Atentamente,


Roberto Rodríguez Martínez
Director de Augas de Galicia